

O día 22 pecharase o prazo de admisión de traballos que opten a publicarse en agosto en La Voz de Galicia

Autores de novelas por entregas firman varias novidades

La Voz

REDACCIÓN | Varios autores relacionados co Premio de Novela por Entregas de La Voz están de actualidade pola publicación das súas obras en diferentes editoriais. E, ao tempo, o vindeiro día 22 pecharase o prazo de admisión de orixinais para a edición do presente ano. La Voz de Galicia e Canal Voz convocan o certame por oitavo ano consecutivo en colaboración con Ámbito Cultural de El Corte Inglés, cunha dotación de 6.000 euros. A obra que resulte gañadora será a que se publique por entregas nas Páxinas Literarias do xornal e mais na web ao longo dos 31 días do mes de agosto. Tamén está convocada a novena edición dos Relatos de Verán, aberta a todas as persoas que, con textos en galego ou en castelán e tema libre, queiran estar presentes nas páxinas do verán.

O Premio de Novela por Entregas está a ter unha gran repercusión no mundo literario galego, toda vez que, ademais das obras premiadas, son numerosas as novelas que teñen sido publicadas e que conservan de xeito máis ou menos exacto o formato co que tomaron parte no certame. Os exemplos máis recentes son a novela gañadora da quinta edición deste premio, a titulada *Acio sanguento*, de Carlos Freire, que publicou Xerais, ou *A venus de cristal*, de Chelo Suárez, na mesma editorial; Biblos sacou outro texto gañador, *Game Over*, a obra coa que o vigués Santiago Lopo se fixo co premio no 2006, acompañada polas ilustracións de Norber-

to Fernández, e vén de publicar *Acompañamento para fuga*, relatos de Carlos Freire.

Para as vindeiras semanas anúnciase en Everest a aparición de *Habitación 202*, obra coa que Concha Blanco foi a vencedora na última edición. E tamén seguen a saír novas edicións do libro co que La Voz inaugurou a recuperación do xénero, *O xabarl branco*, de Tucho Calvo, con ilustracións de Miguelanxo Prado, do que hai unha recente edición de sete mil exemplares que Gadis distribuíu entre os clientes, e outra que o mércores entregará o Concello de Ribeira aos rapaces maiores que toman parte no Correlingua.

Os gañadores

O Premio de Novela por Entregas gañárono sucesivamente Marilar Aleixandre con *Unha presa de terra*, Miguel Suárez Abel con *O repenique de Beatriz Goldar*, Xosé Antonio Perozo con *Caderno de Riparia*, Ángel de la Cruz con *O descenso do derradeiro ocase*, Carlos Freire Cordeiro con *Acio sanguento*, Santiago Lopo con *Game Over* e Concha Blanco con *Habitación 202*. Os textos publicáronse ilustrados por Abraldes, Norberto Fernández, Matalobos, David Rubín.

Outras novelas por entregas publicadas son *Blues da ría*, de Xesteira; *O Jalisco*, de Fernando Salgado; *O asasino bífido*, de Breogán Riveiro; *A morte de A. de Anxo Angueira*; *O Demo e o profundo mar azul*, de Eva Moreda, e *Compostellanium*, de Ángel de la Cruz.



En poucos días estará á venda «Habitación 202», de Concha Blanco | X. BUA

Os lectores poderán enviar os seus textos para os Relatos de Verán entre o 15 de xuño e o 15 de xullo

Entre o 15 de xuño e o 15 de xullo estará aberto o prazo para que todos os lectores que o desexen nos fagan chegar os seus relatos. Estes deberán ter unha extensión próxima ás 25 liñas mecanografadas de corpo 11 (uns 2.100 caracteres con espazos incluídos) e non superar esa medida.

Enviaranse acompañados dos datos do autor a: 9.ª Edición dos Relatos de Verán de La Voz de Galicia (Premio dos Lectores). Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85. Polígono Industrial de Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña), ou por correo electrónico a: relatos@lavoiz.com. Establecense dous premios, un pa-

ra os participantes menores de 15 anos e outro para os que superen esa idade.

No Premio de Novela por Entregas poderán participar todas as persoas que presenten unha novela inédita que non opte a outros concursos, escrita en galego, que conste de 31 capítulos destinados á súa publicación diaria en agosto do 2008. Cada capítulo terá exactamente a mesma extensión, que se fixa en 3.500 caracteres, con espazos incluídos.

As obras, que deberán presentarse por triplicado e baixo plica, terán de prazo de presentación ata o vindeiro 22 de maio.